

# Revelación do vidro

## *Aguzados estiletos autopoéticos*



ARMANDO REQUEIXO

Henrique Rabuñal leva máis de vinte anos traballando arreo nos eidos da escrita literaria, onde cultivou por igual a narrativa, o ensaio, a poesía e o teatro, xéneros nos que conta xa cunha ducia longa de títulos publicados.

Instalado na madurez creativa, Rabuñal fai recuento da súa traxectoria na summa poética editada por Espiral Maior baixo o título *O cristal da sede*, volume compilatorio da case totalidade da súa produción ata o de agora, a excepción do seu primeiro libro, *Paixóm e morte dum condenado* (1984), deliberadamente excluído da recolleita polo propio autor, quen nunha “Carta ao editor” coa que encabeza a recompilación escusa a súa presenza aducindo que “non sei como ligalo ao resto da miña obra”. Daquela, quen a esta publicación se achegue atopará por xunto *Poemas da luz e da loucura* (1992) e *O tempo demorado nos marmelos* (2000), mais tamén cinco outros textos líricos que aquí encarnan por vez primeira en forma de libro, como son “O país que veu do chapapote”, “A xema dos confíns”, “Noticia da morte”, “Humus e grito” e “Últimas palabras reveladas”.

Para min, na poesía de Rabuñal fulxe un estrela de cinco puntas, aguzados estiletos autopoéticos que configuran o seu atlas versal como capitais eternas da poesía de todo tempo e lugar: Amor (na faciana de Eros, como afecto familiar ou relación amigable), Morte (dos seres queridos e próximos, tamén si dos admirados e non persoalmente tratados), Nación (vértebra única e irrenunciabile), Palavra (presenza que habita e nos habita, razón de ser e estar no universo mundo) e Memoria (propia e dos íntimos, da tribo e as súas esgazaduras).

Arte poética que ten fulcral carena na “Cartografía dos ángulos extraviados” de Teresa Seara, quilla ensaística que abre a foula lírica dun Henrique Rabuñal que nos lembra, acaidamente, que “É decembro nos xornais, nos barrios das prostitutas,/ no corazón das nubes,/ na arquitectura dos que aínda ousan amar,/ na Praza da Quintana e nas penas de Pastoriza,/ nos ollomoles e nas crianzas, nos heterónimos de Pessoa,/ na viaxe de Eneas.../ nos presos políticos e nas nacións sen estado,/ nas verdades ocultas e nos planetas descoñecidos,/ ...e no que nunca foi/ tamén é decembro”.